

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**10473** *Real decreto 1190/2012, do 3 de agosto, polo que se modifican o Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria, e o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.*

Segundo o artigo 18 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nun dos cursos do terceiro ciclo da etapa de educación primaria engadirase como área a de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos. O artigo 24 desta lei sinala que nun dos tres primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria todos os alumnos cursarán a materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos. Pola súa parte, o artigo 25 establece a Educación Ético-Cívica como materia obrigatoria.

A tarefa de educar en democracia débese facer dun modo compartido e non excluínte entre a familia, as institucións públicas, os centros educativos e a mesma sociedade. O Estado ten a obriga de asegurar que os cidadáns coñezan a Constitución, o funcionamento das institucións públicas e canto se refire aos dereitos e liberdades que caracterizan o noso Estado democrático.

Unha vez asegurada a formación nos valores e principios fixados na nosa Constitución e na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que se desenvolve pola súa vez nos Pactos Internacionais de Dereitos Cívís e Políticos, no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de Nacións Unidas, na Convención Europea de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais e na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, correspóndelles aos propios cidadáns no exercicio da súa liberdade, ás súas familias cando sexan menores, aos centros docentes no exercicio da autonomía prevista pola lei e aos profesores no exercicio da liberdade docente que o marco legal lles confire, precisar os valores, aspectos e procedementos didácticos que xulguen máis convenientes para cada caso, tendo sempre presente o dereito fundamental de liberdade de conciencia individual que a nosa normativa recoñece.

No anexo II do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria, fíxanse os obxectivos das diferentes áreas de educación primaria, a contribución destas ao desenvolvemento das competencias básicas, así como os contidos e criterios de avaliación de cada área nos diferentes ciclos.

Pola súa parte, no anexo II do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, fíxanse os obxectivos das diferentes materias da educación secundaria obrigatoria, a contribución destas á adquisición das competencias básicas, así como os contidos e criterios de avaliación de cada materia nos diferentes cursos.

Este real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Na tramitación deste real decreto emitiu ditame a Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado, e consultáronse as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación. Así mesmo, emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.*

No anexo II, Áreas de educación primaria, a epígrafe «Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos», do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, queda redactada da seguinte maneira:

#### **«Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos**

Segundo as recomendacións dos organismos internacionais como as Nacións Unidas e o Consello de Europa (Recomendación (2002)12 do Comité de Ministros do Consello de Europa), así como da propia Unión Europea, a incorporación desta área como materia independente no currículo atende á necesidade de fomentar a cidadanía responsable nunha sociedade democrática como vía para lograr a cohesión social e unha identidade europea común.

No último ciclo da educación primaria, momento en que se introduce a área, os nenos están en condicións de se iniciar na participación democrática activa no centro docente e na súa comunidade e de abordar o estudo explícito da Constitución española e dos dereitos humanos e o seu carácter universal. A esta idade tamén son capaces de reflexionar sobre a súa pertenza a unha nación, a unha rexión, a un municipio e a un barrio, ao mesmo tempo que forman parte dunha sociedade global. Os enfoques metodolóxicos deben, por tanto, promover o afán de saber, o coñecemento das normas xurídicas e dos regulamentos de convivencia dos centros escolares, o bo funcionamento das institucións políticas constitucionais, a necesidade da ética na dirección dos asuntos públicos e o espírito de autosuperación e de mellora da sociedade.

Os contidos organízanse en tres bloques: o bloque 1, O individuo e as relacións interpersoais e sociais, trata da liberdade das persoas, a súa autonomía, a asunción de responsabilidades, identidade e condición moral, así como dos hábitos persoais e sociais relacionados coa alimentación saudable e o fomento da actividade física. Todo isto baseado no recoñecemento da singularidade de todo ser humano e dos distintos caracteres e maneiras de ser, así como a dignidade de todas as persoas e de maneira particular daquelas con discapacidade.

O bloque 2, A vida en comunidade, trata da convivencia, dos valores cívicos en que se fundamenta a sociedade democrática (respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, igualdade, axuda mutua, cooperación). Preténdese tamén que o alumno comprenda o valor da vida humana, a especificidade social e moral do ser humano que impide o seu tratamento como un mero obxecto.

Finalmente, o bloque 3, Vivir en sociedade, propón o coñecemento das normas e principios de convivencia establecidos pola Constitución, unha información sobre os servizos públicos e bens comúns, así como as obrigas das administracións públicas e dos cidadáns no seu mantemento. Algúns dos servizos públicos e dos bens comúns reciben un tratamento específico adecuado á idade deste alumnado, é o caso dos servizos educativos e sanitarios, a protección civil, a seguridade, a defensa e a educación viaria.

#### *Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas*

A Educación para a Cidadanía contribúe a desenvolver algúns aspectos destacados de varias competencias, pero relaciónase directamente coa competencia social e cidadá. En relación con esta competencia, a área afronta o ámbito persoal e público implícito nela: propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática. Así, a área pretende o desenvolvemento de nenos como persoas dignas e íntegras, o que exige reforzar a autonomía, a autoestima, o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á

construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe á competencia e a mellorar as relacións interpersoais na medida que a área propón a utilización sistemática do diálogo. Para isto, a área inclúe contidos específicos relativos á convivencia, á participación, ao coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as habilidades sociais e os hábitos cívicos necesarios para unha sociedade democrática.

Así mesmo, a área contribúe á adquisición do coñecemento dos fundamentos e dos modos de organización das sociedades democráticas, á valoración da conquista dos dereitos humanos e ao rexeitamento dos conflitos entre os grupos humanos e ante as situacións de inxustiza. Son contidos específicos da área os principios contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención dos Dereitos do Neno e na Constitución española, así como a súa aplicación por parte de diversas institucións.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos cívicos adecuados á súa idade no ámbito escolar e social permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

Ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que a área propón o estímulo das habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio. A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión, favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Desde a área favorécese a competencia de autonomía e iniciativa persoal, na medida en que se desenvolven iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A área adentra no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende, desde a argumentación, á construción dun pensamento propio e á toma de postura sobre problemas e posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía do alumno para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmo e o respecto ás demais persoas.

Á competencia en comunicación lingüística contribúese a partir do coñecemento e do uso de termos e conceptos propios da área. Ademais, o uso sistemático do debate, procedemento imprescindible nesta área, contribúe especificamente a esta competencia, porque exige exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación.

### *Obxectivos*

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Desenvolver o autocoñecemento, o afán de superación e a autonomía persoal.
2. Capacitar o alumno para que poida actuar libremente nas relacións sociais con actitudes xenerosas e construtivas.
3. Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia e aprender a obrar de acordo con elas.
4. Coñecer, asumir e valorar os principais dereitos e obrigas que derivan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Constitución española.
5. Mostrar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e poboacións distintas á propia, que sexan conformes coa Constitución española e as declaracións internacionais de protección dos dereitos humanos, recoñecendo os seus valores enriquecedores para a convivencia.

6. Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas e valorar o papel das administracións na garantía dos dereitos e liberdades fundamentais, así como dos servizos públicos básicos e a obriga dos cidadáns de contribuír ao seu mantemento e cumprir as súas obrigas cívicas.

7. Identificar e rexeitar situacións de inxustiza e de discriminación, mostrar sensibilidade polas necesidades das persoas e grupos máis desfavorecidos e desenvolver comportamentos solidarios e contrarios á violencia.

8. Coñecer e respectar as normas básicas que regulan a circulación, especialmente aquelas que teñen que ver coa seguridade. Tomar conciencia da situación do ambiente e desenvolver actitudes de responsabilidade no coidado do contorno próximo.

9. Describir a organización, a forma de elección e as principais funcións dalgúns órganos de goberno do municipio, das comunidades autónomas, do Estado e da Unión Europea. Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles.

10. Educar en saúde integral, coñecer as habilidades e valores necesarios para actuar positivamente respecto á saúde.

### *Terceiro ciclo*

#### *Contidos*

#### Bloque 1. O individuo e as relacións interpersoais e sociais.

Autonomía, vontade, autoestima e responsabilidade.

A dignidade humana. Dereitos humanos e dereitos da infancia. Relacións entre dereitos e deberes. A universalidade dos dereitos humanos.

Non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

A igualdade de dereitos de homes e mulleres en todos os ámbitos e especialmente na familia e no mundo laboral e social, promovendo a corresponsabilidade de mulleres e homes. Aprender a compartir as tarefas domésticas e de coidado da familia.

Recoñecemento dos outros como base da convivencia. A amizade.

Hábitos de vida saudables relacionados principalmente coa alimentación, a actividade física e deportiva.

#### Bloque 2. A vida en comunidade.

Valores cívicos na sociedade democrática.

A convivencia na familia, o colexio, o barrio e a localidade.

O dereito e o deber de participar. As diferentes canles de participación.

O pluralismo na sociedade democrática. Identificación de situacións de marxinação, desigualdade, discriminación e inxustiza social.

Importancia da iniciativa privada na vida económica e social.

#### Bloque 3. Vivir en sociedade.

A convivencia social. Necesidade das normas para convivir. Os principios de convivencia na Constitución española.

Dereitos e deberes na Constitución.

Servizos públicos e bens comúns. A contribución dos cidadáns a través dos impostos.

Hábitos cívicos: os espazos públicos e o ambiente. A protección civil e a colaboración cidadá fronte aos desastres. A seguridade integral do cidadán.

Respecto ás normas de mobilidade viaria. Identificación de causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico (peóns, viaxeiros, ciclistas etc.).

*Criterios de avaliación*

1. Mostrar respecto polas diferenzas e polas características persoais propias e dos demais, valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.
2. Argumentar e defender as opinións persoais, escoitar e valorar criticamente as opinións dos demais, mostrando unha actitude de respecto.
3. Aceptar e practicar as normas de convivencia. Participar na toma de decisións do grupo, utilizando o diálogo para favorecer os acordos, asumindo tanto as obrigas como as responsabilidades.
4. Coñecer a Constitución española e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como os principais dereitos e obrigas cívicas que deles se desprenden.
5. Recoñecer e rexeitar situacións de discriminación, marxinação e inxustiza, e identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan.
6. Coñecer o papel que cumpren os servizos públicos na vida dos cidadáns e recoñecer a obriga destes de contribuír ao seu mantemento a través dos impostos.
7. Mostrar actitudes cívicas en aspectos relativos á seguridade viaria, á protección civil, á defensa e á seguridade integral dos cidadáns.
8. Recoñecer actitudes que contribúan á adquisición de hábitos de vida saudables relacionados principalmente coa alimentación, a actividade física e deportiva.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.*

No anexo II, Materias de educación secundaria obrigatoria, a epígrafe «Educación para a Cidadanía», do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, queda redactada da seguinte maneira:

**«Educación para a Cidadanía**

A Unión Europea inclúe como obxectivo dos sistemas educativos velar por que se promova realmente, entre a comunidade escolar, a aprendizaxe dos valores democráticos e da participación democrática co fin de preparar as persoas para a cidadanía activa, en sintonía coa Recomendación (2002)12 do Comité de Ministros do Consello de Europa. Por outra parte, a Constitución española no seu artigo 1.1 refírese aos valores en que se debe sustentar a convivencia social, que son: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político e, no artigo 14, establece a igualdade de todos ante a lei e rexeita calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O mandato constitucional e estas recomendacións son os eixes que vertebran o currículo destas materias, cuxo obxectivo fundamental é formar cidadáns libres e responsables.

A acción educativa debe permitir á mocidade asumir, dun modo crítico, reflexivo e progresivo, o exercicio da liberdade, dos seus dereitos e dos seus deberes individuais e sociais nun clima de respecto cara a outras persoas e outras posturas morais, políticas e relixiosas diferentes da propia.

Para lograr estes obxectivos profúndase nos principios de ética persoal e social e inclúense, entre outros contidos, os relativos á condición social do ser humano, que non se esgota na mera cidadanía, e involucra elementos afectivos e emocionais que non sempre pode regular a normativa legal nin son competencia fundamental dun Estado. Igualmente, e tendo en conta que unha nación non é só unha realidade xurídica senón tamén simbólica, estas materias prestarán unha especial atención

ao coñecemento e respecto das institucións xurídico-políticas e dos símbolos propios de España e da Unión Europea.

Neste sentido, abordaranse especialmente a promoción dos dereitos, deberes e liberdades que garanten os réximes democráticos, a creación das normas xurídicas segundo a Constitución, o funcionamento do sistema electoral e dos partidos políticos, as teorías éticas e os dereitos humanos, como referencia universal para a conduta humana, así como os aspectos relativos á superación de conflitos, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, as características das sociedades actuais, a tolerancia e a aceptación das minorías e das culturas diversas.

A Educación para a Cidadanía está configurada nesta etapa por dúas materias: a Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, que se imparte nun dos tres primeiros cursos e a Educación Ético-Cívica de cuarto curso. Ambas as materias se estruturan en varios bloques que van desde o persoal e o máis próximo ao global e máis xeral; en ambas existe un conxunto de contidos comúns a estes bloques, que levan á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha boa convivencia e da cidadanía democrática.

É común a ambas as materias partir da reflexión sobre a persoa e as relacións interpersoais. Tamén son comúns o coñecemento e a reflexión sobre os dereitos humanos, desde a perspectiva do seu carácter histórico, favorecendo que o alumnado valore que non están garantidos pola mera existencia dunha declaración, senón que é posible a súa ampliación ou o seu retroceso. Finalmente, ambas as materias comparten o estudo das características e problemas fundamentais das sociedades e do mundo global do século XXI.

Os contidos preséntanse organizados en cinco bloques. No bloque 1 figuran os contidos comúns, que están encamiñados a desenvolver aquelas habilidades e destrezas relacionadas coa reflexión, a participación e o diálogo.

O bloque 2, Relacións interpersoais e participación, trata aspectos relativos ás relacións humanas desde o respecto á dignidade persoal e a igualdade de dereitos individuais, o recoñecemento das diferenzas, o rexeitamento ás discriminacións e o fomento da solidariedade. Así mesmo, abórdanse aspectos relativos á participación e representación no centro escolar e o compromiso con actividades sociais e de voluntariado, encamiñadas a lograr unha sociedade xusta e solidaria.

O bloque 3, Deberes e dereitos cidadáns, profunda nun contido xa traballado no terceiro ciclo de educación primaria. Ademais do coñecemento dos principios recollidos nos textos internacionais, propón a reflexión no sentido dos ditos principios, na identificación de situacións de violación dos dereitos humanos e na actuación que corresponde aos tribunais ordinarios e aos tribunais internacionais cando esas situacións de violación dos dereitos humanos se producen.

O bloque 4, As sociedades democráticas do século XXI, inclúe contidos relativos á diversidade social e ao funcionamento dos Estados democráticos, centrándose particularmente no modelo político español.

O bloque 5, Cidadanía nun mundo global, aborda algunhas das características da sociedade actual: as diferenzas entre distintas rexións do mundo, o proceso de globalización e interdependencia, os principais conflitos do mundo actual, así como o papel dos organismos internacionais e institucións europeas na súa prevención e resolución.

En canto á Educación Ético-Cívica de cuarto curso, parte tamén da análise das relacións interpersoais e da convivencia, analizando a liberdade e responsabilidade como características que definen a persoa e que fan posible a convivencia.

O estudo dos dereitos humanos, desde a perspectiva ética e moral, leva ao alumnado á comprensión dos fundamentos morais da convivencia.

Ademais, adoptar a perspectiva da filosofía moral axuda de modo específico a situar os problemas ético-políticos e ético-xurídicos nun nivel de universalidade e



de abstracción racional, o que permite desenvolver nos alumnos a capacidade crítica e argumentativa dun modo eminente. Neste sentido, resulta imprescindible proporcionar aos alumnos unha fundamentación filosófica da especificidade moral dos seres humanos e o coñecemento dalgúns conceptos clave da moralidade humana (liberdade, autonomía, valor, norma, dereito, deber etc.) e, xunto a isto, unha breve introdución ás principais teorías éticas do mundo occidental.

A Educación Ético-Cívica de cuarto curso organízase en seis bloques, que inclúen no primeiro deles os contidos comúns sinalados.

O bloque 2, Identidade e alteridade, céntrase nos valores da identidade persoal, a liberdade e a responsabilidade.

No bloque 3, Teorías éticas, os dereitos humanos, inclúese a análise das grandes liñas de reflexión ética e, particularmente, o referente ético universal que representan as diferentes formulacións dos dereitos humanos.

O bloque 4, Ética e política. A democracia. Os valores constitucionais, aborda a análise dos fundamentos éticos e xurídicos do noso sistema político democrático situándoo nun nivel de universalidade e de abstracción racional superior ao de cursos anteriores, posible pola maior madurez do alumnado desta idade.

O bloque 5, Problemas no mundo actual, analiza a aproximación crítica a fenómenos tales como a globalización, as políticas de axuda ao desenvolvemento, os conflitos bélicos e a actuación da comunidade internacional na súa prevención e resolución.

O bloque 6, A igualdade entre homes e mulleres, volve ao estudo de contidos xa tratados en cursos anteriores (a igualdade de dereitos entre homes e mulleres no mundo laboral, así como a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidado). Neste curso óptase por incluír un bloque con entidade propia que faga posible a reflexión en profundidade sobre a igualdade, a corresponsabilidade e a liberdade.

### *Contribución das materias á adquisición das competencias básicas*

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos e a Educación Ético-Cívica relaciónanse directamente coa competencia social e cidadá pero, ademais, contribúen a desenvolver algúns aspectos destacados doutras competencias básicas.

En relación coa competencia social e cidadá afróntase o ámbito persoal e público implícito nela: propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática. Ademais de contribuír a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, favorece o desenvolvemento de habilidades que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma adecuada de se comportar en determinadas situacións e responsabilizarse das decisións adoptadas e das consecuencias derivadas delas. Tamén contribúe a mellorar as relacións interpersoais posto que traballa as habilidades encamiñadas a lograr a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.

Contribúese tamén á competencia a partir da adquisición do coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos Estados e das sociedades democráticas e doutros contidos específicos como a evolución histórica dos dereitos humanos e a forma en que se concretan e se respectan ou se vulneran no mundo actual, particularmente, en casos de conflito ou por parte de réximes non democráticos.

Contribúese directamente á dimensión ética da competencia social e cidadá, favorecendo que os alumnos recoñezan os valores do contorno e, á vez, poidan avalialos e comportarse coherentemente con eles, ao tomar unha decisión ou ao afrontar un conflito. Así mesmo, débese favorecer o coñecemento dos valores universais e os dereitos e deberes contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, no Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades e na Constitución española.

A Educación para a Cidadanía contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando o estímulo das habilidades sociais, o impulso

do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, a confrontación ordenada e crítica do coñecemento, información e opinión.

Desde os procedementos da área contribúese ao desenvolvemento da competencia básica de autonomía e iniciativa persoal, porque se desenvolven iniciativas de planificación, toma de decisións, participación e asunción de responsabilidades. O currículo atende especialmente á argumentación, á construción dun pensamento propio, ao estudo de casos que supoñan unha toma de postura sobre un problema e as posibles solucións.

O uso sistemático do debate contribúe á competencia en comunicación lingüística, porque exige exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación. Por outra parte, a comunicación de sentimentos, ideas e opinións, imprescindibles para lograr os obxectivos destas materias, ao utilizar tanto a linguaxe verbal como a escrita, a valoración crítica das mensaxes explícitas e implícitas en fontes diversas e, particularmente, na publicidade e nos medios de comunicación, tamén axudan á adquisición da competencia. Finalmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do social posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

### *Obxectivos*

As materias Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos e Educación Ético-Cívica nesta etapa terán como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social.
2. Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar en actividades de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
3. Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, a cooperación e o rexeitamento á violencia, aos estereotipos e aos prexuízos.
4. Coñecer e valorar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades e a Constitución española, identificando os valores que os fundamentan.
5. Coñecer e valorar a igualdade esencial dos seres humanos e a relación existente entre a liberdade e a responsabilidade individuais.
6. Recoñecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, valorar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre eles e rexeitar os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación entre homes e mulleres. Fomentar a corresponsabilidade e compartir as tarefas domésticas e de coidado, tanto polos homes como polas mulleres.
7. Coñecer e apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento do Estado español e da Unión Europea, as súas institucións, as súas normas e os procesos político-xurídicos, os seus valores e símbolos.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos de convivencia.
9. Asumir o principio de correlación entre deberes e dereitos e reflexionar sobre as causas que provocan a violación dos dereitos.
10. Valorar a importancia da participación na vida política ou outras formas de participación cidadá, como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
11. Coñecer nos seus termos fundamentais a Constitución española, a Declaración dos Dereitos Humanos e o Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades. Valorar as accións encamiñadas á consecución dunha paz e seguridade fundamentadas no respecto a estes dereitos fundamentais, e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.



12. Adquirir un pensamento crítico e reflexivo, baseado nun coñecemento rigoroso e ben informado, así como valorar as razóns e argumentos dos outros.

13. Coñecer as normas de seguridade viaria e as causas e consecuencias dos accidentes de circulación.

14. Asumir unha cultura de respecto ao ambiente e uns hábitos de vida saudables que os protexan ante as enfermidades e ante as adiccións.

## CURSOS PRIMEIRO A TERCEIRO

### Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos

#### *Contidos*

#### Bloque 1. Contidos comúns.

Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados e capacidade para aceptar as opinións dos outros. O diálogo.

Preparación e realización de debates sobre aspectos relevantes da realidade.

Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade. Feitos e opinións.

#### Bloque 2. Persoa e sociedade.

Autonomía persoal e relacións interpersoais. Modelos socioculturais e autoestima, xestión das emocións, desenvolvemento de factores de protección fronte ás enfermidades, as adiccións e o consumismo.

O carácter social do ser humano: persoa e sociedade. A familia no marco da Constitución española. O desenvolvemento de actitudes non violentas na convivencia diaria. A noción de cidadanía. Os criterios xurídicos de adquisición da nacionalidade española. Os valores fundamentais da Constitución española: os seus símbolos. Dereitos civís, políticos, económicos e sociais. A xustiza.

A equidade e a solidariedade. O coidado das persoas dependentes. Axuda a compañeiros ou persoas en situación desfavorecida.

A participación no centro educativo.

#### Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns.

Declaración Universal dos Dereitos Humanos e outros pactos e convenios internacionais asociados, como o Convenio Internacional de Dereitos Civís e Políticos de Nacións Unidas e o Convenio Europeo de Dereitos e Liberdades. A protección dos dereitos humanos fronte ás súas violacións. Os tribunais internacionais. A extensión dos dereitos humanos: un reto do mundo actual.

Igualdade de dereitos e diversidade. Respetto e valoración crítica das opcións persoais dos cidadáns con respecto aos límites impostos pola lexislación.

A conquista dos dereitos das mulleres e a súa situación no mundo actual. Os dereitos laborais e a conciliación entre a vida laboral e familiar.

Os deberes cara á natureza e o ambiente. Xestión de refugallos e consumo eficiente. Preservación do noso patrimonio natural. A contaminación acústica.

Bens comúns e servizos públicos. Os impostos e a contribución dos cidadáns ao sostemento dos servizos de interese xeral. O Estado do benestar. Nocións básicas sobre o sistema da Seguridade Social e o sistema español de pensións.

#### Bloque 4. As sociedades democráticas do século XXI.

O Estado de dereito: o seu funcionamento. O modelo político español: a Constitución española e o Estado das autonomías. A política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. O deber de transparencia na xestión pública.

As sociedades democráticas como sociedades plurais e abertas.

As democracias representativas. O Parlamento. A participación dos cidadáns. As eleccións. A opinión pública.

Diversidade social e cultural. Convivencia de culturas distintas nunha sociedade plural dentro do marco constitucional.

A dimensión económica da sociedade humana. Liberdade política e liberdade económica. O papel da iniciativa económica privada na xeración da riqueza e o fomento do espírito emprendedor. As ONG e a sociedade civil.

Consumo racional e responsable. Recoñecemento dos dereitos e deberes dos consumidores.

Estrutura e funcións da protección civil. Prevención e xestión dos desastres naturais e provocados.

A circulación viaria e a responsabilidade cidadá. Accidentes de circulación: causas e consecuencias.

Bloque 5. Cidadanía nun mundo global.

Os conflitos no mundo actual: terrorismo, estados falidos, fanatismo relixioso. Dereito internacional humanitario.

A loita contra o subdesenvolvemento e accións para lograr un mundo máis próspero e máis xusto.

Globalización e interdependencia: o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, novas formas de relación e lecer. Dereito á privacidade e respecto á propiedade intelectual.

#### *Criterios de avaliación*

1. Valorar a liberdade e responsabilidade persoais. Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, situacións de discriminación.

2. Participar na vida do centro e do contorno e practicar o diálogo.

3. Rexeitar a discriminación e toda violación dos dereitos humanos. Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se propoñan sobre problemas e situacións de carácter local ou global.

4. Identificar os principios básicos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a súa evolución, distinguir situacións de violación destes.

5. Recoñecer os principios democráticos e as institucións fundamentais que establece a Constitución española e os estatutos de autonomía e describir a organización, funcións e formas de elección dalgúns órganos de goberno municipais, autonómicos e estatais.

6. Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución dos cidadáns no seu mantemento e mostrar, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado da saúde, o contorno, a seguridade viaria, a protección civil e o consumo responsable.

7. Coñecer e valorar o impacto das novas tecnoloxías (dereito á privacidade e respecto á propiedade intelectual), a globalización, ou algúns dos trazos das nosas sociedades actuais (pluralidade cultural, sociedade do coñecemento etc.) na nosa convivencia cívica.

8. Recoñecer a existencia de conflitos e as súas principais causas. Valorar a importancia do dereito internacional humanitario para paliar as consecuencias dos conflitos.

## CUARTO CURSO

### Educación Ético-Cívica

#### *Contidos*

#### Bloque 1. Contidos comúns.

Recoñecemento dos criterios, valores e argumentos implicados en diferentes posturas éticas e políticas.

Preparación e realización de debates sobre problemas do contorno inmediato ou de carácter global, sobre cuestións de actualidade e dilemas ético-cívicos, considerando as posicións e alternativas existentes.

Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.

Recoñecemento das violacións de dereitos humanos e de liberdades e das inxustizas no mundo contemporáneo. A liberdade e a xustiza como obxectivo. Participación en proxectos que impliquen solidariedade dentro e fóra do centro.

#### Bloque 2. Liberdade e responsabilidade.

O carácter moral e social das accións humanas. Liberdade e responsabilidade como condicións de posibilidade da acción política e moral.

Os criterios morais e a noción de valor. O ben e a xustiza como valores fundamentais da acción persoal e social humana.

A especificidade do discurso sobre o bo e o xusto. Presentación do ámbito de reflexión propio da filosofía.

#### Bloque 3. Teorías éticas. Os dereitos humanos.

##### As teorías éticas.

Os dereitos humanos como referencia universal para a conduta humana. Dereitos cívicos e políticos. Dereitos económicos, sociais e culturais. Evolución, interpretacións e defensa efectiva dos dereitos humanos.

As diferenzas sociais e culturais. Rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.

Os dereitos humanos nas novas tecnoloxías da información. Os dereitos humanos e o respecto á vida e á dignidade humana no contexto da nova biotecnoloxía.

#### Bloque 4. Ética e política. A democracia. Os valores constitucionais.

##### Democracia e participación cidadá.

Institucións democráticas do Estado español, das comunidades autónomas e da Unión Europea: fundamento e funcionamento. O ordenamento xurídico español como instrumento de regulación da convivencia. Institucións e normas fundamentais.

A Constitución española. Dereitos e deberes fundamentais na Constitución. Educación cívico-tributaria.

#### Bloque 5. Problemas sociais do mundo actual.

Factores que xeran problemas e discriminacións. Valoración ética desde os dereitos humanos. Propostas de actuación.

##### A globalización e o desenvolvemento. Poder e medios de comunicación.

Cidadanía global. Desenvolvemento humano sustentable. Cooperación. Os movementos comprometidos na defensa dos dereitos humanos.

Os conflitos armados e a actuación da comunidade internacional na súa resolución.

Bloque 6. A igualdade entre homes e mulleres.

Dignidade da persoa, igualdade en liberdade e diversidade.

Causas e factores da discriminación das mulleres. Igualdade de dereitos e de feito.

Alternativas á discriminación. Prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.

#### *Criterios de avaliación*

1. Coñecer os trazos propios da moralidade humana e os conceptos básicos da estrutura moral dos seres humanos.

2. Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas (as normas, a xerarquía de valores, os costumes etc.) e os principais problemas morais.

3. Identificar e expresar as principais teorías éticas.

4. Recoñecer os dereitos humanos como principal referencia ética da conduta humana e identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais.

5. Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política.

6. Recoñecer os valores fundamentais da democracia na Constitución española e a noción de sistema democrático como forma de organización política en España e no mundo.

7. Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual, utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación, e identificar solucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas.

8. Recoñecer a existencia de conflitos e as súas principais causas. Valorar o dereito internacional humanitario.

9. Distinguir igualdade e diversidade e as causas e factores de discriminación. Coñecer os principais fitos na historia dos dereitos das mulleres. Rexeitar calquera discriminación ou violencia cara á muller.

10. Xustificar as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.

11. Identificar problemas éticos das tecnoloxías da información e a comunicación e do noso modelo de desenvolvemento tecnolóxico.»

#### **Disposición derradeira primeira.** *Habilitación normativa.*

Facúltase o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, sen prexuízo do desenvolvemento normativo que corresponda realizar ás comunidades autónomas.

#### **Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA